



CPR PLURILINGÜE

Fogar de Santa Margarida

Proxecto Educativo

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	2
NOTAS DE IDENTIDADE	3
1. A INSTITUCIÓN	3
A) O momento fundacional	3
B) O Fogar Seminario	4
C) O Colexio	4
D) A actualidade	4
2. TIPO DE CENTRO	5
3. CONFESIONALIDADE	5
4. LINGUA DE APRENDIZAXE	5
5. LIÑA METODOLÓXICA	6
6. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS	7
7. COEDUCACIÓN	7
OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS	8
1. OBXECTIVOS XERAIS	8
2. OBXECTIVOS EDUCATIVOS	8
ESTRUTURA ORGANIZATIVA	9
1. ÓRGANOS DE GOBERNO	9
1.1. UNIPERSOAIS	10
1.2. COLEXIADOS	10
2. SERVIZOS	12



PRESENTACIÓN

Este documento é o PROXECTO EDUCATIVO do "Fogar de Santa Margarida", isto é, a expresión das intencións, fins e obxectivos educativos da nosa comunidade escolar.

É un documento para a xestión, no que se enumeran e definen os trazos de identidade do centro e a estrutura organizativa da institución.

Este PROXECTO EDUCATIVO é un documento que dá a coñecer aos pais dos nosos alumnos e alumnas actuais e futuros, o tipo de Centro que é e os obxectivos que quere conseguir para os seus fillos e fillas.

O DIRECTOR XERAL

JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ CABARCOS



CPR PLURILINGÜE
Fogar de Santa Margarida



NOTAS DE IDENTIDADE

O Fogar de Santa Margarita propugna unhas NOTAS de IDENTIDADE orientadoras das actuacións persoais e colectivas da comunidade escolar e dos desenvolvementos pedagóxicos e curriculares da súa oferta educativa.

1. A INSTITUCIÓN

O Fogar de Santa Margarida nace no ano 1927, cando as irmás Suárez Frige, dona Eulogia e dona Florinda e outro grupo de señoras e señoritas xúntanse para atender a catequese da pequena ermida de Santa Margarida.

O Fogar nace do afán apostólico deste grupo que responde á chamada para levar o Evanxeo (unha boa nova) aos nenos/as e mozos/as do barrio, pero no barrio non só hai xente nova, hai adultos, hai familias con grandes carencias. Estamos nos anos 1928, 1929....

No ano 1932 crean a Asociación "Fogar de Santa Margarida", que se preocupa de "impartir a catequese e de proporcionar comida, roupa e medicamentos a quen os necesite". Xa temos nitidamente definidos os fins da Asociación e que asumirá a Fundación "Fogar de Santa Margarida" creada no ano 1940 para dar continuidade á obra emprendida.

É imposible resumir nunhas liñas unha historia tan ampla e cargada de tantos acontecementos, ilusións, problemas... vida. Unha grande síntese podería ser dividir esta historia en catro grandes momentos:

- A) O momento fundacional
- B) O Fogar Seminario
- C) O Colexio
- D) A Actualidade

A) O momento fundacional

Como xa dixemos, Dona Eulogia e Dona Florinda poñen en marcha a Fundación e para iso piden un Consiliario e o Arcebispo envíalles a Don José Sardina. Aténdese á catequese, aos comedores, ás escolas diúrnas e nocturnas. Aos poucos engádense aos primeiros alumnos cada vez máis nenos e Deus sévese de Florinda para que algúns sigan a vocación sacerdotal.



B) O Fogar Seminario

É momento de numerosas vocacións. Os alumnos do Fogar que conviven nun ambiente vocacional e os alumnos da Coruña que queren seguir estudos eclesiásticos, teñen a oportunidade de cursar os 3 primeiros cursos na estreada Preceptoría Eclesiástica. A actual Residencia ten a súa orixe neste momento do Fogar. Esta etapa queda marcada na vida do Fogar de tal xeito que, moitos pais e antigos alumnos non envían aos seus fillos ao Colexio porque consideran que o Fogar é exclusivamente un Seminario.

C) O Colexio

O labor docente realízase nun primeiro momento de forma esporádica. É a partir de 1937 cando se institucionalizan as clases diúrnas que se viñan impartindo. En 1944 funcionan 8 unidades, en 1953 xa son 11. En 1954 comezan a impartirse os cursos do Seminario e ata 1968 permanece inalterable esta configuración. No ano 1968 transfórmanse as unidades do Seminario en Colexio recoñecido de Ensino Medio.

No ano 1970, e cunha xenerosidade non suficientemente recoñecida, o Fogar pon todo o seu empeño na escolarización da zona de maneira que en pouco tempo pasou de 240 a máis de 1.000 alumnos.

Os esforzos, medios e enerxías céntranse en crear unha infraestructura docente que puidese acoller dignamente a todos os que solicitaban praza, pois moita xente cría que era case imposible conseguir unha praza no colexio.

Don José Sardina viviu os seus últimos anos gozando ao ver que "a súa" obra tiña vida e quedaba canalizada de forma efectiva e recobraba as intencións fundacionais.

D) A actualidade

A Fundación "Fogar de Santa Margarida" leva a cabo hoxe en día un importante número de accións pedagóxicas, sociais e eclesiásticas:

- Unha Escola Infantil de 1 e 2 anos.
- Un Colexio de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, ciclo formativo de grao básico e de grao medio e Bacharelato adaptado á LOMCE, tanto en espazos físicos como no aspecto pedagóxico.
- Unha Residencia Universitaria con capacidade para 100 residentes en habitacións individuais.
- Un Centro de Estudos Teolóxicos.
- É Casa da Igrexa na Coruña.
- É Sede da Vigairía Episcopal.
- Colaboradora na publicación "Pobo de Deus" e editora da revista "Lumieira".
- Atención de 10 parroquias do Concello de Abegondo.



2. TIPO DE CENTRO

É un colexio Privado Concertado, pertencente ás actividades da Fundación "FOGAR DE SANTA MARGARIDA", fundación de carácter cristián, polo que o colexio é un colexio da Igrexa, diocesano, ao servizo da formación cristiá, encaixando como comunidade educativa das parroquias do contorno. Colexio dependente do Arcebispado de Santiago de Compostela. O Centro, como obra social que é, "descarta o afán e ánimo de lucro".

Os niveis educativos que acolle son os seguintes:

- Educación Infantil (1º ciclo de 0 a 2 anos e 2º ciclo de 3 a 5 anos, EI)
- Educación Especial (Para alumnos de EI, EP e ESO.
- Educación Primaria Obrigatoria (6 a 12 anos, EP)
- Educación Secundaria Obrigatoria (12 a 16 anos, ESO)
- Formación Profesional Básica - Servizos Comerciais (16 anos, FPB)
- Ciclo Formativo de Actividades Comerciais (16 anos en diante, CF)
- Bacharelato LOMCE (16 a 18 anos)

A súa localización xeográfica é a seguinte: centro urbano, sito na rúa Valle Inclán, 1-3, na zona denominada "Cidade Xardín"

O Réxime do seu alumnado é o seguinte:

- Externo
- Media pensión (almorzo, se é o caso, e xantar)

3. CONFESIONALIDADE

O noso Centro, como xa se dixo anteriormente, promove a educación "integral" do alumno/a desde unha perspectiva "cristiá" desde onde se respectan todas as crenzas e se intenta dar aos alumnos informacións obxectivas para que progresivamente formen os seus criterios e analizando a realidade poidan tomar decisións responsables. Crendo así mesmo que nesta liña, os pais poden e deben axudar aos seus fillos e fillas neste proceso, sobre todo a partir da súa propia vida e do diálogo con eles.

4. LINGUA DE APRENDIZAXE

O centro está incluído nun contorno castelán-falante, situación lóxica desde o punto de vista do seu emprazamento xeográfico, en pleno ámbito urbano. É este un factor determinante para prestarmos unha atención prioritaria a que o alumnado use cada vez máis e acade unha boa competencia en lingua galega, e máis se cabe en competencias orais e que o profesorado manteña ou incremente de xeito significativo



a utilización do galego como lingua da docencia, máis alá dos mínimos que sinala o Decreto.

Asemade, promovemos medidas que convertan o centro nun ecosistema favorable ao uso do galego e así desbotar os prexuízos e actitudes negativas que se puidesen dar relacionadas coa lingua en toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, PAS, familias, ANPA).

O desenvolvemento das linguas de aprendizaxe nos distintos niveis educativos están recollidos no **PROXECTO LINGÜÍSTICO** do Centro, elaborado polo seu Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística, seguindo as directrices do Decreto Lingüístico e no marco da **LOMCE**.

Co fin de adaptarse ás esixencias e necesidades na sociedade do século XXI, tratando de preparar aos alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ao tempo que tecnolóxicamente máis avanzado, incorporáronse progresivamente dende o ano 2010 seccións bilingües na materia de plástica en Primaria e 1º curso de Secundaria co fin de fomentar a aprendizaxe do inglés é, ademais da materia propia de lingua inglesa, empregar os recursos que a área de plástica nos brinda para ampliar o uso dunha nova lingua dunha maneira gradual, compresiva e amena.

Dende o ano 2015 o Fogar de Santa Margarida forma parte da Rede de Centros Plurilingües de Galicia, ao incluír dentro da súa oferta de idiomas unha cuarta lingua que é o Francés.

5. LIÑA METODOLÓXICA

O ensino no Centro vai encamiñado ao fortalecemento da formación humana do alumnado. En todo momento se contempla o intercambio de opinións entre os pais, o profesorado e os propios alumnos e alumnas. A figura do titor é o enlace apropiado para esta comunicación.

Preténdese reafirmar os valores da tolerancia, a responsabilidade e a corrección dentro e fóra do Colexio. Considérase que os alumnos deben recibir un ensino activo, baseado no diálogo e a experiencia, e nunha aprendizaxe significativa coa intención de que consigan o seu desenvolvemento como persoas libres e independentes.

Poténciase asemade o traballo en equipo, a participación activa dos alumnos mediante a comunicación, a organización e o respecto polas normas que son necesarias para a vida e o traballo cotiáns.

O noso método de traballo insiste nunha liña pedagóxica coherente e coordinada desde os primeiros niveis da Educación Infantil ata o Bacharelato. Ensínanse as técnicas para adquirir uns bos hábitos de estudo, traballo e lectura.



Asemade, foméntase o hábito lector mediante a aplicación dos **Plans anuais de lectura** que forman parte do **PROXECTO LECTOR DO CENTRO**.

As diversas materias son impartidas por profesores titulados e especialistas. Os obxectivos, contidos, actividades... de cada materia son programados polos correspondentes profesores/as agrupados/as en áreas, tal como sinala a actual lei educativa.

Cóntase cun Departamento de Orientación para todos os niveis que ten as funcións de asesoramento dos alumnos, colaboración cos titores e coordinación dos programas de reforzo.

6. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

Desenvólvese a acción formadora do Centro no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia dentro dos principios democráticos de convivencia, así mesmo respectando a evolución e maduración dos nosos alumnos e alumnas no sentido de non imporlles ningún principio dogmático nin concepción política, e potenciando a solidariedade, o respecto aos demais, a actitude de diálogo e todos os valores democráticos.

Preséntase un rexeitamento total do "racismo" e da "violencia" e, polo tanto, inténtase potenciar os dereitos humanos. O noso centro é un centro libre e aberto, que pretende participar activamente na mellora e dignificación da nosa sociedade. Respéctanse as diferenzas individuais e consecuentemente "non se pechan as portas a ninguén".

Colabórase activamente coas institucións oficiais acollendo e escolarizando a moitos nenos e nenas cunha problemática especial para, deste xeito, integralos na sociedade.

O Centro conta cun **PLAN DE CONVIVENCIA**, seguindo o marco da LOMCE que ten por obxectivo global mellorar a convivencia no Centro escolar coa intervención e participación de toda a comunidade educativa: equipo directivo, profesorado, alumnado, orientadores, pais e nais de alumnos. Tamén posúe un **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR**, co fin de previr calquera tipo de risco para o alumnado e persoal docente e non docente.

7. COEDUCACIÓN

Foméntase o principio de "coeducación" , entendéndoa como un intento de educar para a igualdade, sen discriminación de ningunha clase por razón de sexo. Evítase condutas que poñan énfase nos roles tradicionais atribuídos ao home e á muller, tanto entre o alumnado coma entre o profesorado.



Poténcianse a consulta de libros de aula e biblioteca, as lecturas complementarias, os criterios de agrupación no traballo escolar, a orientación escolar e profesional, rexeitando todo tipo de desigualdade por razón de sexo, raza, lingua...

OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS

1. OBXECTIVOS XERAIS

- 1.1. Garantir e desenvolver as Notas de Identidade do Centro.
- 1.2. Garantir a Autonomía do Centro, desenvolvendo a estrutura interna co fin de facer realidade, autonomamente, a xestión económica e curricular.
- 1.3. Impulsar a utilización do galego na nosa comunidade escolar.
- 1.4. Garantir os valores, normas e comportamentos democráticos nas relacións internas do Centro.
- 1.5. Posibilitar a participación dos pais e nais na acción titorial e orientadora.
- 1.6. Impulsar a participación do alumnado e a solidariedade mutua nas súas tarefas escolares.
- 1.7. Promocionar os equipos e métodos de traballo baseados na iniciativa, a corresponsabilidade, a comunicación e a síntese de posicións.
- 1.8. Garantir as normas e comportamentos acordos coa coeducación e evitar a diferenciación de roles.
- 1.9. Preparar aos alumnos e alumnas para o exercicio responsable da liberdade, de acordo cun enfoque cristián da vida.
- 1.10. Fomentar a adquisición de hábitos de estudo e de traballo.
- 1.11. Desenvolver hábitos de coidado ante as dependencias e materiais compartidos por todo o Centro e fomentando o uso autónomo dos mesmos por parte dos escolares.

2. OBXECTIVOS EDUCATIVOS

- 2.1. Nos seus obxectivos educativos, o Fogar de Santa Margarida inclúe os que se derivan das súas propias NOTAS de IDENTIDADE.
 - 2.1.1. Recoller a acción educativa en favor do galego, a identidade e cultura galegas e desenvovelas.
 - 2.1.2. Fomentar no alumnado o coñecemento da realidade plural da nosa sociedade. Fomentar unha actitude crítica e participativa no Colexio e na sociedade.
 - 2.1.3. Desenvolver unha acción titorial e orientadora que teña en conta o tratamento da diversidade e da individualidade.
 - 2.1.4. Espertar o interese dos alumnos e alumnas por definir e desenvolver os seus propios obxectivos formativos, de acordo cos seus intereses e as súas propias capacidades e características.



- 2.2. Nos seus obxectivos educativos o Colexio inclúe os que se derivan da achega da propia comunidade escolar.
 - 2.2.1. Procurar que cada alumno ou alumna asuma a súa RESPONSABILIDADE tanto a nivel persoal, como en relación coa sociedade e a súa contorna.
 - 2.2.2. A nivel persoal impulsar a motivación, unha actitude positiva e a autoaprendizaxe.
 - 2.2.3. Educar no respecto e a sensibilidade en relación coa contorna inmediata e social.
 - 2.2.4. Desenvolver actitudes, hábitos e técnicas apropiadas de traballo.

- 2.3. Nos seus obxectivos educativos ou Centro, inclúe os que se derivan das propias características do alumnado.
 - 2.3.1. Mellorar a capacidade de comprensión verbal dos alumnos e alumnas, fomentar a afección pola lectura e a expresión escrita.
 - 2.3.2. Mellorar a capacidade para desenvolver hábitos de estudo e impulsar técnicas de traballo.
 - 2.3.3. Fomentar comportamentos de responsabilidade que contribúan á autonomía persoal e á mellora da autoestima.

- 2.4. Desenvolver unhas pautas de actuación do profesorado que permitan reforzar os seguintes valores profesionais.
 - 2.4.1. Polivalencia e capacidade de adaptación a novas tarefas.
 - 2.4.2. Capacidade e disposición para o traballo en equipo.
 - 2.4.3. Iniciativa e responsabilidade no traballo.
 - 2.4.4. Capacidade para a análise e toma de decisións.
 - 2.4.5. Desenvolver criterios e sistemas de avaliación apropiados que dean maior importancia á avaliación das formas de aprendizaxe e aos obxectivos educativos a conseguir que, aos contidos académicos.

ESTRUTURA ORGANIZATIVA

1. ÓRGANOS DE GOBERNO

O "Fogar de Santa Margarida" toma como referencias principais para a definición da súa estrutura institucional as de "crear órganos necesarios para desenvolver o PEC (Proxecto Educativo do Centro)" e "fundamentar a xestión no apoio mutuo e o traballo en equipo" de modo que as responsabilidades individuais se baseen na coordinación e colaboración.

A devandita estrutura componse de Órganos de goberno (colectivos e individuais) e de grupos de traballo.



1.1. UNIPERSOAIS

O Centro xestiónase mediante un órgano directivo formado por: Administrador, Director Xeral, Director Pedagóxico, Xefes de Estudos, Secretario e Coordinadores de Ciclo.

- O **Administrador** é o máximo responsable da Fundación Fogar de Santa Margarida na que está integrado o Colexio,
- O **Director Xeral** é o encargado de mirar polo bo funcionamento global do Centro, quen asume a súa representación oficial e a quen lle corresponde a responsabilidade da relación coa comunidade escolar e de formar o equipo directivo. Tamén é o representante da "Fundación Fogar de Santa Margarida".
- O **Director Pedagóxico**, xunto aos Xefes de estudos e os Coordinadores de Ciclo ten a responsabilidade de dirixir e coordinar a acción educativa de todos os niveis do Colexio, dando coherencia pedagóxica a todo o Centro.
- Ao **Secretario** correspóndelle a xestión administrativa do Centro en colaboración co persoal de Administración.

1.2. COLEXIADOS

1.2.1. CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar é o órgano máximo de goberno do Centro e está formado polos representantes da Comunidade Escolar: representantes da titularidade, representantes do profesorado, representantes dos pais e nais, representantes de persoal non docente e representantes do alumnado.

O dereito a elixir estes representantes garantírase a todos os membros de acordo coas convocatorias para a elección de Consellos Escolares periódicas realizadas pola Consellería de Educación. Correspóndelle ao Consello Escolar velar polo contido e o desenvolvemento do Proxecto Educativo. O Consello Escolar segundo a lei ten que estar implantado nos niveis obrigatorios de ensino.

1.2.2. CLAUSTRO

Constitúeo todo o PROFESORADO. Correspóndelle a responsabilidade da ACCIÓN DOCENTE así como a súa avaliación; co fin de que a devandita acción sexa coherente co PEC. Dinamizará os proxectos curriculares apropiados e as programacións de curso, os criterios de avaliación e de reforzo e recuperación.

A responsabilidade do Claustro non debe limitarse á acción docente, convén que o Claustro opine e, examinadas as súas propostas e iniciativas, poder facer realidade os obxectivos xerais da escola; de aí que sexa necesaria unha ampla participación do Claustro en todos os temas de interese xeral.



Para facer fronte ás súas funcións é necesaria a estruturación interna do Claustro e a repartición de traballo, para iso organízanse no seu interior os cargos individuais e os EQUIPOS DE TRABALLO coordinadores.

Estes equipos son:

1.2.3. DEPARTAMENTOS:

Tódolos profesores están integrados nun Departamento. Os departamentos actualmente en vigor son: CIENCIAS, LINGUAS, SOCIAIS, RELIXIÓN, DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA e ORIENTACIÓN.

O profesorado desenvolve a súa acción profesional e docente no seu Departamento, axustando o proxecto curricular da súa materia e deseñando os plans de avaliación, reforzo e recuperación.

Cada Departamento está coordinado por un Xefe de Departamento que ten a misión de coordinar e desenvolver o currículo da súa rama correspondente.

1.2.4. EQUIPOS DOCENTES

Están formados polos profesores que imparten clase a un mesmo grupo de alumnos. A súa función é a de coordinar a acción docente en relación ao devandito grupo, baixo a coordinación do titor, a través de reunións de avaliación, dinamización de plans de recuperación e adaptacións curriculares e outras accións dirixidas a adecuar o ambiente de traballo e estudo da aula.

1.2.5. ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación é un equipo interdisciplinar que apoia e asesora de forma permanente a toda a comunidade educativa naquelas actuacións encamiñadas a contribuír á formación integral do alumnado, desenvolvendo as súas funcións nos ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

1.2.6. ALUMNADO

O alumnado oscila nos últimos cursos académicos arredor dos 1200 alumnos.



2. SERVIZOS

O Colexio oferta aos seus alumnos e alumnas os seguintes servizos:

- Biblioteca Escolar
- Centro de Medios Audiovisuais
- Acollida de mañá. Realízase dende as 08:00 h e con almorzo dende as 07:30 h.
- Transporte Escolar
- Comedor
- Departamento de Orientación
- Actividades Deportivas
- Aula de Informática
- Aula de Internet
- Aulas de reforzo e apoio
- Aulas de laboratorio
- Actividades extraescolares

